

Acordo de colaboración SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - XERA

Visita ao PAC de A Laracha (A Coruña), exemplo de utilización de sistema construtivo de entramado lixeiro de madeira para uso sanitario

Cita: xoves, 20/02/2020 de 10:00 h. a 13:30 h. na Biblioteca Municipal (Rúa Manuel Murguía, s/n, 15145 A Laracha, [localización google maps](#))

No marco do acordo de colaboración asinado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ([COAG](#)) e a Axencia Galega da Industria Forestal ([XERA](#)) para promover o coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira e a divulgación de obras exemplares, prográmase unha visita ao PAC de A Laracha (A Coruña) do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) dirixida a arquitectos e que pretende amosar un exemplo de utilización do sistema construtivo de entramado lixeiro de madeira para uso sanitario.

Programa:


xoves 20 de xaneiro 2020	
<i>Biblioteca municipal de A Laracha, Rúa Manuel Murguía, s/n, 15145</i>	
10:00 h (15')	Benvida aos asistentes - José Manuel López Varela, alcalde de A Laracha - Ignacio Lema
10:15 h (1h 30')	Presentación da obra Intervencións de: - Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande, Ezcurra e Ouzande Arquitectura - Ignacio Framiñán, Maderas Besteiro - Javier López, Yofra
11:45 h (30')	Descanso - café A continuación, os asistentes desprazaranse ata o edificio a visitar (10' camiñando)
<i>PAC de A Laracha, Rúa Epifanio Campo Núñez, s/n, 15145</i>	
12:15 h (1h 15')	Visita ao PAC A Laracha

*Nº máximo asistentes: 50 persoas

Características da obra:

- Proxecto: Ampliación do Centro de Saúde de A Laracha para construción dun Centro de Atención de Urxencias Extrahospitalarias, 2019.
- Localización: Rúa Epifanio Campo Núñez, s/n, 15145 A Laracha ([localización google maps](#))
- Arquitectas: Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande de [Ezcurra e Ouzande Arquitectura](#).
- Promotor: SERGAS
- Descrición:
 - Edificio de uso público sanitario ubicado no núcleo urbano de A Laracha de 613 m2 construídos e distribuídos en dúas plantas.
 - O obxectivo era construír un edificio cun material de orixe natural, 100% renovable, reciclable e reutilizable e cun proceso produtivo que xerase poucos residuos e de baixo consumo enerxético.
 - Proxectouse un edificio en madeira onde os sistemas estruturais, de pechamento e tabicaría e parte dos acabados resolvéronse con elementos tecnolóxicos de madeira maciza e derivados da mesma cun alto nivel de prefabricación permitindo un proceso de construción en seco.
 - A viabilidade económica deste edificio complementábase coa eficiencia medioambiental achegándose aos parámetros de consumo case nulo, co conseguinte aforro que suporá durante a súa vida útil. E, ao final da mesma, pola facilidade da súa eventual desmontaxe e a posibilidade de reutilización dos seus elementos ou reciclaxe dos mesmos.
 - Valorouse moi positivamente o impacto do edificio de madeira sobre os usuarios dos servizos sanitarios pola sensación de confort que aporta e polo entorno seguro, saudable e acolledor que crea.

[Máis información](#)



Fotografías de Héctor Santos_Díez



Fotografías de Ezcurra y Ouzande Arquitectura